

ASUNTO: PROCLAMACIÓN DEFINITIVA CANDIDATOS Á ASEMBLEA XERAL DA FGJUDODA 2022

Pola presente comunicamos que unha vez publicada a listaxe definitiva de candidatos a membros da Asemblea Xeral e en cumprimento do artigo 19.4 do Regulamento Electoral da Federación Galega de Judo e D. A. que di:

4. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.

Non obstante, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, durante o período electoral dos catro anos, o presidente procederá, no prazo máximo de 3 meses, á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

A Xunta Electoral informa que polo tanto non será necesaria a celebración de eleccións en ningún dos estamentos xa que o número coincide en todos eles e os candidatos serán proclamados electos en tempo e forma segundo corresponda no calendario electoral.

O que se comunica para coñecemento e efectos.

A Coruña a 11 de agosto de 2022.

Vº Bº



Asdo. Mª DEL CARMEN CAMBÓN CASTRO
- Presidenta Xunta Electoral -




Asdo. EVA CID GUEDE
- Secretaria da Xunta Electoral -